

## As protestas da limpeza do CHUAC chegan até as portas do Centro de Especialidades do Ventorrillo



[1]

As traballadoras e os traballadores do servizo de limpeza dos centros adscritos ao CHUAC continúan nestes primeiros días do ano co calendario de mobilizacións en demanda do cumprimento dos convenios colectivos e na defensa dos seus dereitos laborais. As protestas trasladáronse o 8 de xaneiro até o Centro de Especialidades do Ventorrillo.

09/1/10.

Nin as mobilizacións continuas nin a investigación aberta pola Inspección de Traballo por mor das denuncias dos traballadores e traballadoras conseguiron que as empresas da limpeza dos centros adscritos ao CHUAC mudasen de posición. É máis, o persoal segue a cobrar con retraso os seus salarios, as táboas salariais non están actualizadas e as nóminas aínda reflicten numerosos erros.

Diante desta situación, os traballadores e as traballadoras acordaron continuar co calendario de protestas iniciado o pasado 1 de decembro. O 8 de xaneiro realizaron unha concentración ás portas do Centro de Especialidades do Ventorrillo, do que Linorsa ten a contrata da limpeza.

**Novas relacionadas:** [O xerente do CHUAC comprométese co persoal a mediar coas empresas de limpeza](#) [2]

[A limpeza do CHUAC, disposta a convocar folga se as empresas seguen a incumprir os convenios](#) [3]

[O persoal de limpeza do CHUAC mobilízase para esixir ás concesionarias o cumprimento dos convenios](#) [4]

[CIG-Servizos apoia as protestas en defensa dos acordos retributivos no SERGAS](#) [5]

[Contratas da limpeza do SERGAS incumpren o acordo de equiparación salarial](#) [6]

### Ligazóns:

[1] <http://cigservizos.org/node>

[2] <http://cigservizos.org/nova/2009.12.16/o-xerente-do-chuac-comprometese-co-persoal-medar-coas-empresas-d-e-limpeza>

[3] <http://cigservizos.org/nova/2009.12.11/limpeza-do-chuac-disposta-convocar-folga-se-empresas-seguen-incumprir-os-convenios>

[4] <http://cigservizos.org/nova/2009.12.01/o-persoal-de-limpeza-do-chuac-mobilizase-para-esixir-concesionarias-o-cumprimento-do>

[5] <http://cigservizos.org/nova/2009.10.28/cig-servizos-apoia-protestas-en-defensa-dos-acordos-retributivos-no-sergas>

[6] <http://cigservizos.org/nova/2009.07.24/contratas-da-limpeza-do-sergas-incumpren-o-acordo-de-equiparacion-salarial>